

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación definitiva do Plan de incendios

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Que na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o 12 de novembro de 2020 adoptouse o seguinte acordo:

1.-PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA LARACHA

O secretario da conta do ditame da sesión extraordinaria celebrada polo pola comisión comisión informativa de asuntos xerais celebrada o 06 de novembro do 2020 seguinte.

“O Pleno do Concello da Laracha, en sesión ordinaria celebrada en data 27 de setembro de 2019, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

O mesmo someteuse a información pública por un prazo de vinte días hábiles, mediante a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 07.10.2019, publicándose así mesmo a documentación do plan na páxina web do Concello, a fin de que as persoas que o desexasen poidesen formular as correspondentes alegacións, observación e suxestións.

Durante o citado prazo non se presentaron alegacións.

O artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que a dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

Con data 12.02.2020 o subdirector xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia informa que o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de A Laracha cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación, e en consecuencia informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de A Laracha, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril.

Con data 28.05.2020 e ao abeiro do disposto no artigo 33.1 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, remítese á Comisión Galega de Protección Civil o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais da Laracha para a súa homologación, previa á aprobación definitiva do mesmo, informando con data 7.10.2020 o subdirector xeral de Planificación e Protección Civil que estes plans, que se redactan e implantan conforme á Lei 3/2007 non son obxecto de homologación por parte da Comisión Galega de Protección Civil.

Por todo exposto, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.–Aprobar definitivamente o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Laracha” asinado por Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, col. n.º 1265) e Carmen Paz López (enxeñeira técnica forestal, col. n.º 1265) e informado favorablemente pola Dirección Xeral competente en materia forestal.

Segundo.–Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Terceiro.–Comunicar á Dirección Xeral de Montes da Consellería de Medio Rural por rexistro electrónico a devandita aprobación definitiva achegando a documentación acreditativa do presente acordo.

A Laracha, 23 de novembro de 2020.

O alcalde

José Manuel López Varela